

# A Via Nova como oportunidade

Xornada de convivencia interterritorial | 50 aniversario de  
*Aquis Querquennis*

Co gallo do cincuenta aniversario do descubrimento do campamento militar romano responsable da construción da *Via Nova*, pretende celebrarse **este workshop para representantes institucionais, técnicos e investigadores dos territorios historicamente conectados pola antiga calzada romana**.

A xornada busca favorecer un **espazo de diálogo para a creación dunha carteira de proxectos con potencial para concorrer a financiación Interreg, NextGenerationEU e FEDER** (entre outros). É vontade por tanto **fortalecer a cooperación no eixo Galicia-Norte de Portugal** para propoñer accións e solucións de gobernanza multinivel perante desafíos compartidos como o despoboamento, a descarbonización e a valorización do patrimonio cultural.

## 28 de novembro

Salón de actos, Concello de Bande.

### Obxectivo xeral:

Fortalecer a **cooperación institucional, científica e social** entre municipios, centros de investigación e entidades do territorio transfronteirizo hispano-luso mediante a creación de **alianzas estables**, a definición de **proxectos conxuntos** e a valorización do **patrimonio cultural e natural compartido** como eixo de desenvolvemento sostible.

### Obxectivos estratéxicos:

- Consolidar unha **gobernanza transfronteiriza** que integre a administracións locais, centros de investigación, axentes socioeconómicos e cidadanía ao redor dunha **visión común de desenvolvemento territorial**.
- Promover a **valorización integral** do patrimonio cultural, arqueolóxico e paisaxístico **como activo económico e social**, aliñado cos principios da Axenda Europea para a Cultura e a Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico.
- Impulsar a cooperación científica aplicada ao territorio, fomentando a **transferencia de coñecemento e a innovación rural** en materia de conservación, dixitalización e turismo sostible.
- Situar o **eixo transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal** como laboratorio de boas prácticas europeas en xestión do patrimonio e desenvolvemento local sostible.

Programa:

**9:00h. Apertura, recepción de participantes e entrega de documentación.**

**9:30h. Acto de benvida institucional.**

- D<sup>a</sup>. Sandra Quintas Vázquez, alcaldesa de Bande como concello promotor do evento.
- Representante por determinar, Axencia de Turismo de Galicia como entidade que financia o evento.
- Representante por determinar, Fundación Aquae Querquennae Via Nova.

**10:00h. PANEL 1. Proxectos en marcha. Exemplos de boas prácticas.**

**PARTICIPAN:**

- D<sup>a</sup>. Inês Gusman. A Fundación CEER - Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia - Norte de Portugal. Unha ferramenta ao servizo das universidades públicas da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.
- D<sup>a</sup>. Helena P. Carvalho. O proxecto "CulturMonts - Valorização das Paisagens Culturais de montanha: um recurso para o desenvolvimento territorial sustentável" (Helena Paula Carvalho). Programa Interreg Sudoe 2021-2027.
- Representante por determinar. Negociado de Planificación de Fondos Europeos da Deputación de Ourense. Proxectos en marcha do Programa de Cooperación Transfronteiriza INTERREG España- Portugal (POCTEP) (Período 2021-2027) e Espazo Atlántico (Período 2021-2027).
- Representante por determinar. A VIA NOVA. CIRCUÍTO CULTURAL DA ROMANIZACIÓN NA EURORREXIÓN GALICIA - NORTE DE PORTUGAL. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER a través do programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

11:00h. **PANEL 2. Espazo FORO. Catálogo de proxectos.**

- "O PIPA 'BracaViae (2024-2027)' - Paisagens Viárias: A Geira Romana na Serra do Gerês". D. Jorge Ribeiro. Investigador-profesor en Arqueologia (Lab2PT-UMinho / IN2PAST)
- Proxecto "Heritage Stone". D. David Martín Freire. IGME
- Documentación, delimitación, estado de conservación e valoración científica e patrimonial do xacemento arqueolóxico de Aquis Querquennis (Baños de Bande, Ourense). D. Fermín Pérez Losada. Universidade de Vigo.
- IDENTIFICACIÓN Y CARACTERIZACIÓN DE VÍAS ROMANAS A TRAVÉS DE DATOS LIDAR Y FOTOGRAFÍA AÉREA. EL CASO DE LA VÍA XVIII EN LA COMARCA DA ALTA LIMIA (OURENSE). D. Samuel Nión. INCIPIT-CSIC.
- A conquista da Gallaecia a través dos campamentos militares romanos temporais. D. Joao Fonte. ERA Arqueologia.
- A onde mira o castelo de San Xoán de Bara? Entre a Idade do Bronce e a Romanización. D<sup>a</sup>. Rebeca Blanco-Rotea (Lab2PT-UMinho / IN2PAST) e D. Martiño Xosé Vázquez (Solventa Arqueoloxía).
- A Via Nova no seu contexto territorial: civitates e explotación dos recursos auríferos. D. Brais Xosé Currás e F. Javier Sánchez Palencia. Grupo de Investigación EST-AP. Centro de Ciencias Humanas y Sociales. CSIC.

12:30h. **PAUSA - CAFÉ.**

13:00h. **PANEL 3. Mesa de traballo. Dinámica participativa dirixida para conquistar os obxectivos da xornada:**

Obxectivos específicos:

- **Identificar retos e oportunidades compartidos** en xestión do patrimonio, dixitalización, despoboamento e sustentabilidade territorial.
- **Deseñar unha carteira de proxectos transfronteirizos, susceptibles de concorrer a financiamento europeo** (Interreg POCTEP, FEDER, Creative Europe, LIFE, Horizon Europe).
- **Favorecer a creación de consorcios científico-técnicos**, vinculando municipios, universidades e empresas innovadoras do ámbito cultural e ambiental.

- Impulsar a diplomacia territorial mediante a **firma dunha Declaración Conxunta de Cooperación Transfronteiriza**, con vocación de continuidade e de proxección internacional.
- **Sensibilizar e capacitar** a técnicos, xestores culturais e axentes locais en metodoloxías europeas de cooperación, xestión de proxectos e avaliación de impacto social (SROI).
- Elaborar durante a xornada **tres fichas de proxecto con potencial de financiamento**, incluíndo socios, orzamento orientador e cronograma de execución.
- **Formalizar compromisos institucionais** para a creación dun comité de ligazón transfronteiriza e a presentación conxunta a futuras convocatorias.
- **Difundir resultados** a través dos traballos executados ou en execución.
- **Avaliar os impactos** iniciais da cooperación mediante indicadores cuantitativos (número de entidades participantes, proxectos definidos, acordos subscritos) e cualitativos (fortalecemento de relacións institucionais, percepción de utilidade, potencial de continuidade).

#### **XANTAR DE CONFRATERNIZACIÓN**